

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E LUNDBECK ESPAÑA S.A.U. PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA "SAÚDE MENTAL NA MULLER: VISIÓN 360º"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), como entidade instrumental adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde, e Lundbeck España, S.A.U., asinaron o día 15.03.2023 o instrumento convencional arriba referido, o cal estará vixente dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata a finalización da xornada prevista.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que rexerán a colaboración entre as partes de cara á organización e celebración da xornada "Saúde mental na muller: visión 360º", prevista para o 29.03.2023. A estes efectos, Lundbeck España, S.A.U. comprométese a realizar unha achega económica a ACIS de 5.380,57 €, a fin de sufragar a metade dos custes da xornada. Pola súa banda, ACIS comprométese a difundir a participación da entidade colaboradora en todas as referencias a esta xornada mediante a inclusión do logo de Lundbeck España, S.A.U.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

O convenio asinado configúrase como un convenio de colaboración empresarial, de conformidade co previsto no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, segundo o cal entenderase por convenio empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesa lei, aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16 da mesma, a cambio dunha axuda económica específica da entidade, comprométese por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas ditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco destes convenios non constitúe prestación de servizos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Entre os fins xerais e obxectivos básicos de ACIS se atopan os de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en funcións dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade, así como xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Pola súa banda, Lundbeck España, S.A.U. ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos.

Un dos seus obxectivos de innovación é traballar para a calidade de vida dos/das pacientes que sofren enfermidades, tratando para elo de ofrecer produtos e servizos que axuden a melloralas, contribuíndo tamén a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

En consecuencia, procede adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente crónico, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores dos servizos sanitarios. A xornada que ampara o convenio formalizado tratará de sensibilizar aos profesionais implicados e á cidadanía en xeral sobre a necesidade de prestar especial atención sobre a saúde mental da muller a fin de prever e abordar diversas patoloxías, loitando contra o estigma e favorecendo a súa integración laboral.

Cómpre sinalar que, tal e como se recolle expresamente no convenio, a formalización do mesmo non constitúe un incentivo para a recomendación, prescrición, compra, subministro, venda ou administración de medicamentos, e en ningún caso leva aparellada ningunha obriga de ACIS en tal sentido, nin o respaldo por parte de ACIS aos medicamentos do laboratorio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

